

As ideas fundamentais do pensamento ilustrado.

A Ilustración foi un heteroxéneo movemento cultural e intelectual que se desenvolveu durante o século XVIII, herdeiro da filosofía racionalista e dos logros da revolución científica do XVII. Careceu dunha teoría sistemática e sumou os aportes de pensadores diversos: Locke e Hume en Inglaterra, Kant en Alemaña, Montesquieu, Rousseau, Voltaire, Diderot, D’Alambert en Francia. En cada país debeu adaptarse aos distintos contextos socioculturais. Porén, poden identificarse algúns trazos compartidos:

- O **racionalismo**: a razón é o elemento definidor da condición humana, unha facultade que se desenvolve coa experiencia e a educación. A luz da razón permitiría descubrir e explicar as leis científicas que rexen a natureza e a sociedade humana e descubrir os medios para melloralas.
- O **espírito crítico**: o uso do entendemento non debía someterse á autoridade da tradición.
- A **idea de progreso**: a crítica da tradición e a confianza na razón e nos avances científicos e tecnolóxicos alentaron a fe no progreso continuo e ilimitado da humanidade.
- A **importancia da educación**, instrumento primordial para combater a superstición e a ignorancia. O Estado debía asumir un papel fundamental para garantir a súa universalización.

A Ilustración española.

A actividade da minoría ilustrada española estivo sometida a numerosos condicionantes que explican a súa **moderación**: o tradicionalismo das universidades, o influxo da ortodoxia católica, a estrita censura.

Os antecedentes inmediatos do movemento ilustrado peninsular encóntranse no último terzo do século XVII na xeración dos *novatores*, críticos co inmovilismo intelectual español e interesados polos aportes da filosofía e da ciencia europeas da época (Descartes, Galileo, Harvey, Newton). O seu influxo había ser moi notable na **primeira xeración ilustrada** de comezos do século XVIII (P. Feijóo, G. Mayans), que rexeitaban a relixiosidade tradicional, alimentada de supersticións, e criticaban o atraso cultural e científico español.

Os ilustrados españois adquiriron especial presenza no **reinado de Carlos III** (1759-1788). Eles promoveron as tertulias, academias e sociedades ligadas ás Luces. Denunciaron o desinterese pola ciencia e a técnica, o desprestixio da artesanía e do comercio, os privilexios excesivos da nobreza e do clero, os problemas da agricultura. Moitos tiveron unha destacada participación nas institucións de goberno (o conde de Aranda, Campomanes, Olavide, Jovellanos, Capmany, Cabarrús) e defenderon o **Despotismo Ilustrado**: os monarcas debían exercer un poder absoluto, pero este debía empregarse para impulsar as reformas, superar os atrancos tradicionais e promover a riqueza e o benestar do país, consonte ao lema “*todo para o pobo pero sen o pobo*”.

Os ilustrados cultivaron as Luces en diversos eidos do saber: astronomía e cartografía (Antonio Ulloa, Jorge Juan), bioloxía (Mutis, Cavanilles), química (os irmáns Elhúyar), medicina (Piquer), economía (Jovellanos, Capmany, os galegos José Cornide, Lucas Labrada e Pedro A. Sánchez), literatura (Cadalso, Moratín), dereito (Jovellanos, Hervella de Puga, Somoza de Monsoiu), etc. Houbo tamén polígrafos como o P. Sarmiento, quen tanto escribiu sobre os problemas da pesca e a agricultura galegas como reivindicou a historia e a lingua propia do país.

Ante o tradicionalismo e o control clerical das Universidades españolas, os ilustrados tiveron que valerse de medios diversos para a difusión das súas ideas: as Reais Academias (Lingua, Historia, Medicina, Belas Artes), as Sociedades Económicas de Amigos do País, salóns, tertulias. O interese pola educación e o progreso científico concretouse tamén fundación de novos centros de ensino secundario (Real Estudio de San Isidro) e superior (Real Gabinete de Máquinas, Escola de Camiños e Canles, Colexio de Cirurxía, Escola de Mineraloxía, Real Seminario de Nobres, a Escola de Náutica e Comercio da Coruña). Pola contra, os intentos de reforma das Universidades e Colexios Maiores foron bastante infrutuosos. Pero os ilustrados españois foron sempre unha pequena minoría (algúns eclesiásticos e nobres, funcionarios, burgueses) e o seu impacto foi limitado.

As súas posicións ideolóxicas foron diversas. Predominou un moderado reformismo confiado no apoio real (Campomanes, Jovellanos, Olavide). Algúns, dende posicións conservadoras, como o galego P. Sarmiento, miraban con desconfianza os cambios. Outros evolucionaron cara posicións próximas ao liberalismo (Valentín de Foronda, León del Arroyal, o abade Marchena, os galegos Lucas Labrada e Marcelino Pereira). Durante o reinado de Carlos IV (1788-1808), o temor ao contaxio da Revolución Francesa freou as reformas e mesmo axitou a reacción contra a minoría ilustrada.